

Tecnoloxía Industrial 1º e 2º Bacharelato

A materia de Tecnoloxía Industrial aborda, ao longo dos dous cursos de bacharelato, un amplo conxunto de temas:

- O deseño, a produción e a comercialización dos produto tecnolóxicos.
- As propiedades dos materiais.
- Os conceptos fundamentais das máquinas.
- A produción de enerxía, o seu impacto ambiental e as técnicas de redución do consumo enerxético.
- A automatización de procesos.
- A electrónica dixital e as súas aplicacións.

Esta materia integra coñecementos de especial interese para os alumnos que teñan pensado estudar algunha das carreiras de enxeñaría.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) 1º Bacharelato

Entre os temas que traballamos nesta materia, destacamos os seguintes:

- Elaboración de presentacións dixitais. Exposición das presentacións ao público.
- Internet como fonte de recursos. Dereitos de autor e licenzas de uso.
- Software de libre distribución. Licenzas de software.
- Deseño e utilización de bases de datos sinxelas.
- Introducción á programación.

Empregamos software de libre distribución, de modo que os alumnos poden copiar os programas e instalalos na casa con liberdade.

A utilización da aula virtual permítenos traballar cun ritmo flexible.

Deseño 3D 1º Bacharelato

Os principais obxectivos que o alumnado debe conseguir con esta materia son:

- Coñecer os fundamentos da xeración de gráficos 3D por computador.
- Iniciarse nas técnicas de modelado 3D.

Usamos software de libre distribución.

Exploramos paso a paso distintas técnicas de modelado 3D, de complexidade crecente.

Os alumnos reproducen os deseños propostos como exercicios e despois poden elaborar os seus propios deseños.